

ANEXO I

PROXECTO TÉCNICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE AMES

a) Proposta de organización do servizo:

Memoria na que se describa a proposta do licitador para o mellor cumprimento do obxecto do contrato e para a satisfacción das necesidades que o motivan, axustándose ao previsto nestes pregos e nos de prescricións técnicas particulares, detallando e xustificando todos os factores que conformen aquela proposta. Non terá unha extensión superior a 40 páxinas, 20 follas impresas a dúas caras en formato de impresión A4, letra arial 12 e interlineado 1,5.

A memoria fará referencia no seu contido a todos os aspectos enunciados a continuación, garantindo a coherencia e a claridade expositiva, e procurando facilitar o coñecemento da oferta que se presenta, evitando información irrelevante. Poderán achegarse anexos con contidos estritamente vinculados ao proxecto formulado, sempre que estes resulten necesarios para a súa mellor comprensión.

En ningún caso nesta memoria que recolle o proxecto técnico de organización do servizo se poderán contemplar cuestións relacionadas co apartado de criterios avaliábeis automaticamente. O non cumprimento desta cuestión motivará a exclusión da licitación.

A referencia de contidos será a seguinte:

1- Estudio para a prestación do saf atendendo á realidade social do Concello de Ames:

- Adecuación á realidade social
- Accións para o fomento de emprego local
- Apoio no emprego a colectivos en especial protección atendendo a criterios de accesibilidade universal, promoción da igualdade, exclusión social,
- ...

2- Sistema de organización dos medios persoais adscritos directamente á execución do contrato no Concello de Ames e medios de apoio postos á disposición:

- Organización dos horarios, cuadrantes, substitucións, planificación do equipo de traballo.
- Persoal de adscrición directa e de apoio: categoría profesional, cualificación idónea e experiencia dos profesionais.
- Plan de formación e estabilidade laboral.

3- Innovacións no servizo, onde se valorarán aquelas innovacións que supoñan unha mellora cualitativa na prestación do servizo.

4- Relación de elementos que garantan a calidade na acción:

- Certificacións de xestión de calidade e xestión de procesos
- Resolución de queixas
- Sistemas para o seguimento: enquisas de valoración do servizo, instrumentos de avaliación e retroalimentación.

5- *Protocolos de actuación, soportes documentais e organización do servizo:*

- *Protocolos de actuación (altas, incidencias, cambios de auxiliar, ausencias, emerxencias, comunicacións, ...)*
- *Soporte documental a empregar (responsabilidades, contidos, modelos, manuais...)*